

## Varios

- ★ **Exames libres nos ciclos de FP.** Unha instrución mediante un email do inspector dun CIFP obriga o profesorado a entregar copia dos exames en castelán en módulos que se imparten en galego. Para a CIG-Ensino é unha instrución sen amparo legal mais fóra de toda discusión sobre a súa legalidade, a inspección cando indica algo debe fundamentalo legalmente. Se existe normativa ao respecto debe indicarse. Se non é así, como cremos, debe absterse de facer valoracións. [A administración, despois dun primeiro intento de xustificalo, di que revisará o ocorrido, que de ser necesario fará unha aclaración.](#)
- ★ **Cómputo de ausencias por asistir ao curso de función directiva.** Déronse instrucións para que as horas de ausencias ao centro nos días de clases presencias se computasen como imprevistos ou que e pedisen asuntos propios nos parece un despropósito. Solicitamos que se remita unha circular a todos os centros desde a Dirección Xeral para que se xustifiquen todas esas ausencias necesarias para asistir ao curso ou para desprazarse a el. A Dirección Xeral de Centros e RR.HH. está de acordo coa nosa queixa mais delega a responsabilidade na Dirección Xeral de Educación, como responsábel da formación do profesorado. [A Dirección Xeral di que é descoñecedora e que buscará unha solución, concorda que non son imprevistos, pero di que tampouco formación dos servizos centrais.](#)
- ★ **Avaliación nas EOI.** Despois da demora na publicación do o Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación, solicitamos o aprazamento da súa aplicación neste curso. Nas EOI teñen todo o traballo feito para avaliar segundo lles pediu no seu momento a Consellaría e en inviábel facer o cambio para este curso, xa que por só pór un exemplo o RD inclúe un aumento das competencias de 4 a 5, unha nova competencia de mediación, que no traballo feito en Galiza se inclúe dentro das competencias de expresión oral e expresión escrita. Sabemos pola Subdirección do atraso provocado polo propio Ministerio. Solicitamos información sobre a situación actual e demandamos seriedade na organización destas avaliación para unha mellor organización do profesorado e dos dereitos do propio alumnado. [Van aprazar a implantación por un ano, tal e como solicitamos.](#)
- ★ **Exames por libre nas EOI.** Hai que abordar a situación que se crea co elevado número de persoas matriculadas por libre nas EOI. A Consellaría debe mellorar a

organización destas probas, xa que co profesorado actual resulta moi difícil atender esa demanda. Debe responderse coa contratación, cando for necesario, do suficiente profesorado para atender eses picos de traballo. [Bótanlle a culpa ás listaxes de substitucións, que non chegan para os picos de traballo.](#)

★ **Mestrado en Psicopedagogía.** Na lista de Orientación de primaria atopámonos con que non se ten en conta para poder estar nela o mestrado en psicopedagogía, cando é o equivalente á licenciatura/grao de psicopedagogía, que vai facer a Consellaría? [Darán traslado á outra dirección xeral.](#)

★ **Erro na convocatoria de Oposicións.** Na base 12, Anexo V referente as probas prácticas no caso de Procesos de Xestión Administrativa facíase referencia no borrador da convocatoria da OPE a que poderán incluírse na proba práctica exercicios de contabilidade xeral, non existindo nos temarios ningún tema de contabilidade. Isto rectificárono na convocatoria publicada pero segundo o profesorado con outro erro, xa que se cambia contabilidade xeral por “tesourería”, non tendo no temario nada de “tesourería”. [Darán traslado á outra](#)

[dirección xeral pero din que tamén van comprobalo xa que lles afecta.](#)

★ **Dotación de persoal complementario nos centros educativos.** Como xa fixemos outras veces esiximos desta Consellaría a dotación do persoal necesario nos centros educativos, nomeadamente o persoal necesario para atender as **necesidades educativas de apoio específico**, tanto nos centros ordinarios como nos centros de educación especial, vivindo situacións graves de seguridade pola falta deste persoal. No caso de alumnado con comportamento disruptivo deben tomarse as medidas oportunas para garantir que nin o profesorado nin o resto do alumnado corran ningún tipo de risco. Para iso a administración non pode mirar para outro lado e debe dotar co persoal necesario aos centros que así o demanden e xustifiquen. [Di que os centros están ben dotados, cando describimos a situación dunha agresión vivida nun centro de Compostela estes días din que van mirar o caso e tentar solucionalo.](#)

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)